

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 20 DE SETEMBRO DE 2019 POLA QUE SE CONVOCA A VI EDICIÓN DOS PREMIOS EGERIA Á INCLUSIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS TRABALLOS DE FIN DE GRAO E DE MÁSTER DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

A Universidade de Vigo comprométese no artigo 6.2. dos seus Estatutos «Contribuír a unha sociedade xusta e igualitaria na cal se respecte a igualdade entre mulleres e homes».

O *II Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo 2016/19* contempla na súa acción 3.2.7. «Manter a convocatoria de premios para os traballos de fin de grao e de mestrado que incorporan a perspectiva de xénero».

A Universidade de Vigo convoca os **Premios EGERIA á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e de máster da Universidade de Vigo** co obxectivo de incentivar a investigación en xénero e nos estudos feministas e de recoñecer, publicitar e premiar os mellores traballos desas características realizados polo seu alumnado.

**Egeria** foi unha escritora galega do século IV que acadou grande sona pola súa viaxe a Terra Santa e que relatou en «Itinerarium». Foi unha das primeiras peregrinas da historia e a primeira galega que exerceu de cronista de viaxes.

«Itinerarium» é un diario de viaxe escrito en latín. A narración das súas experiencias, escrita nun estilo narrativo epistolar, fai da súa obra o primeiro relato de viaxes a Oriente procedente dunha escritora cristiá. Foi escrito no derradeiro terzo do século IV cando a autora percorreu míticas paraxes bíblicas. O manuscrito incompleto, foi descuberto en 1884 en Arezzo (Italia) e publicado por primeira vez en 1887.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de Universidades* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade,

**ESTA REITORÍA RESOLVE:**

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, a SEXTA edición dos Premios Egeria á inclusión da perspectiva de xénero en traballos de fin de grao e de máster da Universidade de Vigo que serán xestionados de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan no Portal de bolsas da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, 20 de setembro de 2019  
O reitor

Manuel Joaquín Reigosa Roger

---

**ANEXO I****BASES QUE REGULAN A VI EDICIÓN DOS PREMIOS “EGERIA” Á INCLUSIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS TRABALLOS FIN DE GRAO E DE MÁSTER DA UNIVERSIDADE DE VIGO****1. OBXECTO**

O obxecto desta convocatoria é recoñecer, publicitar e premiar os mellores Traballos de Fin de Grao (TFG) e de Máster (TFM) que inclúan a perspectiva de xénero realizados polo alumnado da Universidade de Vigo.

- Convócase 1 premio de TFG por cada un dos seguintes grupos:
  - Rama Xurídico – Social
  - Rama Ciencias – Rama Ciencias da Saúde – Rama Enxeñaría e Arquitectura
  - Rama Artes e Humanidades
- Convócase 1 premio de TFM por cada un dos seguintes grupos:
  - Rama Xurídico - Social
  - Rama Ciencias – Rama Ciencias da Saúde – Rama Enxeñaría e Arquitectura
  - Rama Artes e Humanidades

**2. REQUISITOS**

Pode solicitar o premio o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

- Ter presentado o Tralallo Fin de Grao ou Fin de Máster na Universidade de Vigo no curso 2018/2019 e obter unha cualificación mínima de 8.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, de 17 de novembro*.

**3. INCOMPATIBILIDADES**

Este premio é incompatible con calquera outro obtido para a mesma finalidade.

**4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO**

Os fondos destinados a esta convocatoria irán cor cargo á aplicación orzamentaria 2019 0000 121D 482.99 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 3.300 €, para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

- A contía de cada premio de TFG é de 500 €
- A contía de cada premio de TFM é de 600 €

O pagamento realizarase mediante transferencia á conta bancaria que sinala a persoa beneficiaria na súa solicitude e da que deberá ser titular ou cotitular.

**5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN**

As persoas solicitantes deberán encher o formulario electrónico dispoñible no seguinte enlace [https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir\\_paso1/5838](https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/5838) e presentalo debidamente asinado nos rexistros da universidade ou por calquera dos medios previstos na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

O prazo de presentación de solicitudes será dende o día seguinte ao de publicación desta convocatoria ata o **11 de outubro de 2019**.

Xunto co formulario de solicitude debe presentar un sobre onde figurará escrito no exterior como única referencia, o título do traballo fin de grao ou de máster presentado e o nome da titora ou titor. Este sobre conterá:

- a) Nun soporte cd ou memoria usb, o traballo presentado en pdf xunto cun resumo de, como máximo, 500 palabras en pdf e arquivo independente. Ningún dos dous documentos poderá conter elementos identificativos sobre a súa autoría ou titoría pero si indicar a qué grao ou máster corresponde.
- b) Un sobre pechado coa solicitude rexistrada ou selada coa data de presentación. Este sobre deberá ter escrito no exterior, como única referencia, o título do traballo escrito no primeiro sobre e deberá ir dentro deste.

## 6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán de **dez días hábiles** contados a partir do día seguinte ao de publicación para emendar os erros e a falta de documentación. Para tal fin presentarán o formulario de alegacións nos rexistros da universidade dirixido á Sección de Axudas e Bolsas.

Unha vez revisadas as alegacións a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

1. Calidade do traballo presentado: 30 puntos
2. Relevancia da súa temática e metodoloxía: 25 puntos
3. Aplicabilidade das achegas feitas polo estudo: 15 puntos
4. Uso da linguaxe inclusiva: 15 puntos
5. Referenciación bibliográfica e fontes<sup>1</sup>: 10 puntos
6. Uso da lingua galega: 5 puntos

Non poderá ser seleccionado ningún traballo que non acade a puntuación mínima de 50 puntos. No caso de declararse deserto o premio dalgunha das ramas poderá ser adxudicada a outra rama ata o límite orzamentario previsto.

A comisión de avaliación estará formada por:

**Presidenta:** Julia Carballo Rodríguez. Profesora Contratada Doutora.

**Vogais:** Emma Rodríguez Rodríguez. Profesora Contratada Doutora.

Beatriz Comendador Rey. Profesora Contratada Doutora

Unha vez efectuada a selección pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con premio concedido, denegado** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de garda** para o caso de existir renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte á publicación, presentando o formulario de alegacións nos rexistros da universidade dirixido á Sección de Axudas e Bolsas.

---

<sup>1</sup> Tendo en conta que as normas APA non incorporan a perspectiva de xénero na referenciación bibliográfica, pode presentarse un anexo coa bibliografía incorporándoa.

Unha vez revisadas as alegacións pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas enviaralle a proposta de **Resolución Reitoral definitiva de persoas con premio concedido, denegado coas causas de denegación e a listaxe de agarda** ao Reitor, para a súa publicación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse no portal de bolsas da web da universidade.

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

## **7. RENUNCIA**

No caso de renuncia voluntaria deberá facerse por escrito dirixido á Sección de Axudas e Bolsas antes de que se inicie o curso académico. As renuncias aceptadas darán lugar á concesión da bolsa á seguinte persoa da lista de agarda.

## **8. OBRIGAS**

O/a beneficiario/a debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*, que lle sexan de aplicación.

## **9. REVISIÓN E REINTEGRO DOS PREMIOS**

Son causas de reintegro destes premios:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incorrer nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

## **10. PUBLICIDADE DOS TRABALLOS**

Coa autorización expresa das autoras e autores, a Unidade de Igualdade poderá publicar na súa web os traballos premiados facendo constancia sempre da súa autoría.

## **11. PROTECCIÓN DE DATOS**

Información sobre a política de protección de datos no [Portal de bolsas](#).